



**CULLEREDO**  
**CONCELLO**  
Conservatorio Profesional de Música

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# SAXOFÓN

Conservatorio Profesional de  
Música de Culleredo

Profesor: **Alberto García Noguero**

Conservatorio Profesional de Música  
Rúa Andrés Pan Vieiro, nº 30  
15670 O BURGO-CULLEREDO  
Tfno. 981.667798  
e-mail: [conservatorio@culleredo.es](mailto:conservatorio@culleredo.es)  
[www.culleredo.es](http://www.culleredo.es)

## **A MÚSICA NA LEI ORGÁNICA 2/2006, DO 3 DE MAIO, DE EDUCACIÓN (LOE)**

### **GRAOS ELEMENTAL E PROFESIONAL. ASPECTOS LEGAIS**

-Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación (LODE).

-Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE).

-Real Decreto 806/2006, do 30 de xuño, que no seu artigo no 20 establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE).

-Real Decreto 1577/2006, de 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE).

### **A MÚSICA NA LOE**

A regulación das ensinanzas de réxime especial figura no Capítulo VI do Título I da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE). No preámbulo da lei podemos atopar a xustificación de tal regulación: “especial mención merecen as ensinanzas artísticas, que teñen como finalidade proporcionar aos alumnos unha formación artística de calidade e cunha ordenación que non fora revisada dende 1990. A Lei regula, por unha parte, as ensinanzas artísticas profesionais, que agrupan as ensinanzas de música e danza de grao medio, así como as de artes plásticas e deseño de grao medio e de grao superior. Por outro lado, establece as denominadas ensinanzas artísticas superiores, que agrupan os estudos superiores de música e danza, as ensinanzas de arte dramático, as ensinanzas de conservación e restauración de bens culturais e os estudos superiores de artes plásticas e deseño. Estas últimas ensinanzas teñen carácter de educación superior e a súa organización adecúase ás esixencias correspondentes, o que implica algunhas peculiaridades no que se refire ao establecemento do seu currículo e a organización dos centros que as imparten.

### **Avaliación:**

Os resultados da avaliación final das materias que compoñen o currículo dos Graos Elemental e Profesional, expresaranse mediante escala numérica de 1 a 10 sen decimais. Consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco, e negativas as inferiores a cinco.

Coa entrada en vigor da nova lei, cambia o sistema de avaliación, xa que agora haberá exames de setembro en todo o Grao Elemental e Profesional.

En cumprimento co establecido no artigo 20 do Real Decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), no ano académico 2007-2008 implantaranse os catro cursos do Grao Elemental así como os catro cursos do Grao Profesional, e deixarán de impartirse as ensinanzas do Grao Elemental e Medio de música reguladas polo Real Decreto 756/1992, do 26 de xuño, polo que se establecen os aspectos básicos do currículo dos Graos Elemental e Profesional.

### **Materias que constitúen o currículo do Grao Elemental:**

As ensinanzas elementais de música organízanse nas materias seguintes:

#### **-Materias comúns a todas as especialidades:**

Linguaxe Musical.

Educación Auditiva e Vocal.

#### **-Materias específicas de cada especialidade:**

Instrumento.

### **Materias que constitúen o currículo do Grao Profesional :**

As ensinanzas profesionais de música organízanse nas materias seguintes:

#### **-Materias comúns ás especialidades instrumentais:**

Instrumento.

Linguaxe Musical.

Harmonía.

Análise.

Historia da Música.

Novas Tecnoloxías aplicadas á música.

#### **-Materias específicas:**

Música de Cámara.

Banda.

Conxunto.

Piano Complementario.

## **GRAO ELEMENTAL**

### **Obxetivos xerais.**

- Coñecer a familia dos saxofóns, a súa morfoloxía, montaxe correcto e accesorios básicos.
- Seguir unhas pautas correctas de coidado e limpeza do saxofón.
- Coñecer as dicitacións elementais do instrumento.
- Dominar os conceptos musicais básicos tratados ao longo do curso.
- Controlar e practicar a respiración diafragmática con ou sen instrumento.
- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas as dúas mans.
- Controlar e fortalecer os músculos que interveñen na formación da embocadura.
- Dominar a práctica das diferentes articulacións e matices básicos.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber empregalas dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.
- Procurar a maior calidade sonora e tímbrica, así como unha correcta afinación e flexibilidade, dentro das posibilidades do/da alumno/a.
- Desenvolver a capacidade auditiva, rítmica e memorística.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos dunha dificultade acorde con este nivel.
- Afrontar positivamente a interpretación musical, tanto na aula como en actuacións e concertos públicos.

### **Contidos xerais.**

#### **CONCEPTUAIS**

- A familia dos saxofóns, a súa morfoloxía, montaxe e desmontaxe correcto e os accesorios básicos. Pautas correctas de limpeza e mantemento básico.
- Dicitacións elementais do saxofón.

-Conceptos musicais básicos referentes á escritura, son, respiración e columna de aire, matiz, etc.

-Posibilidades, cualidades e características sonoras e técnicas básicas do saxofón.

## PROCEDIMENTAIS

-Práctica da relaxación e da respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.

-Adquisición dunha correcta posición corporal con respecto ao saxofón empregado.

-Fortalecemento dos músculos faciais e traballo sobre a apropiada posición da embocadura.

-Traballo da correcta emisión, articulacións e matices.

-Práctica e control do movemento dos dedos.

-Mellora da sensibilidade auditiva.

-Búsqueda progresiva e continua dunha maior calidade sonora e tímbrica, así como unha correcta afinación e flexibilidade.

-Traballo e dominio do repertorio acordo ao nivel.

-Desenvolvemento da memoria, creatividade e capacidade comunicativa, baseado no repertorio de cada curso.

-Práctica musical en grupo.

-Interpretación musical fronte a un público.

## ACTITUDINAIS

-Recoñecemento da música como linguaxe universal.

-Interese polo uso dun vocabulario axeitado.

-Valoración da importancia dun coidado correcto do instrumento, así coma da súa limpeza, hixiene e mantemento básico.

-Valoración do silencio como elemento indispensable para calquera práctica musical e actitude positiva fronte á mesma.

-Valoración da propia habilidade como punto de partida para a superación persoal.

- Adquisición duns hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Aceptación das diferentes individuais e respecto ante a execución dos demais.
- Valoración do traballo individual e en equipo, recoñecemento da súa importancia e adquisición da capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- Interés e actitude positiva fronte á interpretación en público.

## **PRIMEIRO CURSO DE GRAO ELEMENTAL**

### **OBXETIVOS**

- Adoptar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas as dúas mans.
- Detectar e controlar a respiración diafragmática.
- Controlar e fortalecer os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, altura do son, articulación e fleibilidade do son.
- Coñecemento das dixitacións elementais.
- Desenvolvemento da capacidade auditiva e rítmica.
- Emitir un son estable en toda a extensión do instrumento.
- Lograr unha seguridade técnica, dentro das esixencias do nivel, como base da seguridade interpretativa.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos dunha dificultade acorde con este nivel.
- Fomentar a audición de recitais e concertos en directo.

## CONTIDOS

- Coñecemento dos aspectos históricos relacionados co instrumento: invención, pedagogos, intérpretes, a familia do saxofón, ...
- Práctica de exercicios de respiración sen e co instrumento, con atención á afinación, calidade do son e dosificación do aire.
- Estudio dos matices, intervalos e articulacións sinxelas.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade do son.
- Práctica das escalas cromática, diatónicas maiores e menores cos seus arpejos correspondentes ata dúas alteracións.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver a afinación, o axuste e precisión rítmica.
- Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Lectura a vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Práctica de exercicios, estudos e obras do repertorio útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno/a.

## RECURSOS

*L'Alphabet du Saxophoniste* de H. Prati (Ed. Billaudot)

*El Saxofón y Yo* (1º curso) de De la Rosa/Librado (Ed. Mundimúsica)

*El saxofón 1* (a, b, c) de M. Miján (Ed. Real Musical)

*Methode de Saxophone* (débutants) de C. Delangle/Bois (Ed. Lemoine)

*21 Mini Duetti* de J. Bouvard (Ed. Billaudot)

## SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

### PRIMEIRA AVALIACIÓN

- L'Alphabet du Saxophoniste* de H. Prati: 1-20
- El Saxofón y Yo* de De la Rosa/Librado: 1-10
- Registro dende o Re grave ata o Do de 3º espazo.

### SEGUNDA AVALIACIÓN

- L'Alphabet du Saxophoniste* de H. Prati: 21-60
- El Saxofón y Yo* de De la Rosa/Librado: 11-18
- Escala maiores e menores ata unha alteración na armadura, picadas e ligadas, á velocidade de 80, en negras.
- Registro dendo o Si grave ata o Re agudo.

### TERCEIRA AVALIACIÓN

- L'Alphabet du Saxophoniste* de H. Prati: 61-110
- El Saxofón y Yo* de De la Rosa/Librado: 19-25
- Escala maiores e menores ata dúas alteración na armadura e a escala cromática, picadas e ligadas, á velocidade de 80, en negras.
- Registro dendo o Sib grave ata o Fa# agudo.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Facer un uso correcto da respiración.
- Adquirir unha posición corporal axeitada e unha embocadura correcta na práctica instrumental.
- Alcanzar a destreza técnica propia do nivel e do repertorio traballado.
- Demostrar certo control e nivel de mellora sobre a calidade e nivel sonoro, timbre e afinación do instrumento.
- Facer un uso correcto dos diferentes matices e articulacións traballados.
- Mostrar unha actitude positiva fronte a todas as actividades propostas, sexan individuais ou grupais, tanto na aula como na casa ou en público (audicións e concertos).



## **SEGUNDO CURSO DE GRAO ELEMENTAL**

### **OBXETIVOS**

- Adquirir un control suficiente do aire (respiración diafragmática) e dos músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Coñecer o funcionamento das cañas e a súa posible adaptación para un mellor funcionamento.
- Desenvolvemento da psicomotricidade no dominio de elementos que interveñen na interpretación musical.
- Enriquecer a capacidade auditiva e rítmica.
- Emitir un son estable en toda a extensión do instrumento.
- Lograr unha seguridade técnica, dentro das esixencias do nivel, como base da seguridade interpretativa.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto da interpretación individual como de conxunto.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos dunha dificultade acorde con este nivel.
- Fomentar a audición de recitais e concertos en directo.

### **CONTIDOS**

- Práctica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Emisión do son en relación cas diversas dinámicas e alturas.
- Realización de exercicios técnicos para o control e a homoxeneidade dos dedos en diferentes ritmos.
- Práctica das escalas cromática, diatónicas maiores e menores, cos seus arpejos correspondentes ata tres alteracións.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver a afinación, o axuste e precisión rítmica.
- Entrenamento permanente e progresivo da memoria.

- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Lectura a vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Iniciación ao coñecemento das estruturas musicais, melodía, harmonía, etc.
- Práctica de exercicios, estudos e obras do repertorio útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.

## RECURSOS

**50 Études Faciles et Progressives** (vol. 1) de G. Lacour (Ed. Billaudot)

**29 Études Progressives** de H. Prati (Ed. Billaudot)

**L'École Française du Saxophone** (vol. 1) de R. Druet (Ed. Billaudot)

**El saxofón 2** (a, b, c) de M. Miján (Ed. Real Musical)

Obras para saxofón en Mib.

**Bagatelle** de M. Perrin (Ed. Combret)

**Andantino** de W. Coggins (Ed. Alfred Publishing Co.)

**Kansax City** de J. Naulais (Ed. Billaudot)

**Chanson a Berceur** de E. Bozza (Ed. Alphonse Leduc)

**Seven Easy Dances** de P. Harris (Ed. Boosey & Hawkes)

Obras para saxofón en Sib.

**Bagatelle** de M. Perrin (Ed. Combret)

**Chorale et Ballet** de P. Rougeron (Ed. Billaudot)

**5 Pièces Faciles** de J. Absil (Ed. Lemoine)

## SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

### PRIMEIRA AVALIACIÓN

-**50 Études Faciles et Progressives** (vol. 1) de G. Lacour: 1-7

-**29 Études Progressives** de H. Prati: 1-8

-Escala maior e menor de ata tres alteracións na armadura e escala cromática, picadas e ligadas, á velocidade de 60, en corcheas.

## SEGUNDA AVALIACIÓN

-50 *Études Fáciles et Progressives* (vol. 1) de G. Lacour: 8-14

-29 *Études Progressives* de H. Prati: 9-16

-Escalas maiores e menores de ata tres alteracións na armadura e escala cromática, picadas e ligadas, á velocidade de 72, en corcheas.

-Unha obra das indicadas na programación.

## TERCEIRA AVALIACIÓN

-50 *Études Fáciles et Progressives* (vol. 1) de G. Lacour: 15-21

-29 *Études Progressives* de H. Prati: 17-24

-Escalas maiores e menores de ata tres alteracións na armadura e escala cromática, picadas e ligadas, á velocidade de 80, en corcheas.

-Unha obra das indicadas na programación.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

-Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.

-Memorizar e interpretar textos musicais con fidelidade ao texto.

-Describir con posterioridade a unha audición os rasgos característicos das obras escoitadas.

-Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.

-Interpretar en público como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel con seguridade e control da situación.

-Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos.

## **TERCEIRO CURSO DE GRAO ELEMENTAL**

### **OBXETIVOS**

- Controlar e fortalecer os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son nos diferentes rexistros.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Emitir un son estable en toda a extensión do instrumento.
- Desenvolvemento da psicomotricidade no dominio de elementos que interveñen na interpretación musical.
- Lograr unha seguridade técnica, dentro das esixencias do nivel, como base da seguridade interpretativa.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos dunha dificultade acorde con este nivel.
- Fomentar a audición de recitais e concertos en directo.

### **CONTIDOS**

- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva.
- Práctica das escalas cromática, diatónicas maiores e menores, e en intervalos de terceira, cos seus arpejos correspondentes ata cinco alteracións, controlando a emisión do aire en diferentes articulacións.
- Desenvolvemento da flexibilidade nos saltos, articulacións, trinos, etc.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver a afinación, o axuste e precisión rítmica.
- Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Lectura a vista de obras ou fragmentos sinxelos.

-Iniciación ao coñecemento das estruturas musicais nos seus distintos niveis: motivos, temas, períodos, frases, seccións, texturas, etc.

-Práctica de exercicios, estudos e obras do repertorio útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.

## RECURSOS

***17 Études Faciles et Progressives*** de H. Prati (Ed. Billaudot)

***15 Petites Pièces en Forme d'Études*** de M. Meriot (Ed. Combret)

***Precis pour L'Étude des Gammes*** de G. Lacour (Ed. Billaudot)

Obras para saxofón en Mib.

***Pièces Célèbres*** (vol.1) de M. Mule (Ed. Alphonse Leduc)

***Gavotte des Dames*** de E. Bozza (Ed. Alphonse Leduc)

***Sonatine*** de R. Guillou (Ed. Alphonse Leduc)

***Sérénade Variée*** de R. Clérisse (Ed. Alphonse Leduc)

***Vacances*** de J. Damase (Ed. Billaudot)

Obras para saxofón en Sib.

***Sérénade Variée*** de R. Clérisse (Ed. Alphonse Leduc)

***Concertino nº 25*** de J. Porret (Ed. Robert Martin)

***Étude*** de P. Rougeron (Ed. Billaudot)

***Serenade*** de J. Strimer (Ed. Alphonse Leduc)

***Eglogue*** de R. Mignon (Ed. Billaudot)

## SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

### PRIMEIRA AVALIACIÓN

-***17 Études Faciles et Progressives*** de H. Prati: 1-4

-***15 Petites Pièces en Forme d'Études*** de M. Meriot: 1-5

-Escala maior e menor ata catro alteracións na armadura e a escala cromática, picadas e ligadas, á velocidade de 92, en corcheas.

## SEGUNDA AVALIACIÓN

-17 *Études Fáciles et Progressives* de H. Prati: 5-11

-15 *Petites Pièces en Forme d'Études* de M. Meriot: 6-10

-Escala maior e menor ata catro alteracións na armadura e a escala cromática, picadas e ligadas, á velocidade de 104, en corcheas.

-Unha obra das indicadas na programación.

## TERCEIRA AVALIACIÓN

-17 *Études Fáciles et Progressives* de H. Prati: 12-14

-15 *Petites Pièces en Forme d'Études* de M. Meriot: 11-15

-Escala maior e menor ata catro alteracións na armadura e a escala cromática, picadas e ligadas, á velocidade de 112, en corcheas.

-Unha obra das indicadas na programación.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

-Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.

-Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo adecuados ao seu contido.

-Interpretar obras con fidelidade ao texto.

-Describir con posterioridade a unha audición os rasgos característicos das obras escoitadas.

-Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.

-Interpretar en público como solista e de memoria obras representativas do seu nivel con seguridade e control da situación.

-Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos.

## **CUARTO CURSO DE GRAO ELEMENTAL**

### **OBXETIVOS**

- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Saber utilizar os reflexos de precisión necesarios para corrixir de forma automática a afinación e a calidade do son.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Emitir un son estable en toda a extensión do instrumento, empezando a utilizar o vibrato e os diferentes matices para dar color e expresión á interpretación musical.
- Lograr unha seguridade técnica, dentro das esixencias do nivel, como base da seguridade interpretativa.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos dunha dificultade acorde con ese nivel.
- Fomentar a audición de recitais e concertos en directo.

### **CONTIDOS**

- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade sonora.
- Práctica de todas as escalas diatónicas maiores e menores, e en intervalos de terceira, cuarta e oitava, cos seus arpejos correspondentes, controlando a emisión do aire en diferentes articulacións.
- Desenvolvemento da flexibilidade nos saltos, articulacións, trinos, etc.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver a afinación, o axuste e precisión rítmica.
- Entrenamento permanente e progresivo da memoria.

- Adquisición de hábitos de estudo correcto e eficaces.
- Lectura a vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis: motivos, temas, períodos, frases, seccións, texturas, etc.
- Práctica de exercicios, estudos e obras do repertorio útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.

## RECURSOS

**24 Estudios Fáciles** de M. Mule (Ed. Alphonse Leduc)

**Techni-Sax** de G. Senon (Ed. Billaudot)

**50 Études Fáciles et Progressives** (vol. 2) de G. Lacour (Ed. Billaudot)

**L'École Française du Saxophone** (vol. 2) de R. Druet (Ed. Billaudot)

**Precis pour L'Étude des Gammes** de G. Lacour (Ed. Billaudot)

Obras para saxofón en Mib.

**Dance** de D. Milhaud (Ed. Salabert)

**Aria** de E. Bozza (Ed. Alphonse Leduc)

**Pastorale** (Pièces Célèbres vol. 1) de G. F. Haendel (Ed. Alphonse Leduc)

**Humoresque** de H. Loché (Ed. Billaudot)

**Sonatina** de W. A. Mozart (Ed. Alfred Publishing Co.)

**Suite Romantique** de R. Paniel (Ed. Alphonse Leduc)

Obras para saxofón en Sib.

**Introduction & Allegro** de E. Ramehda (Ed. Strauwen)

**Concertino nº 26** de J. Porret (Ed. Robert Martin)

**Allegro Spiritoso** de J. B. Senaille (Ed. Southern Music Co.)

**4º Solo de Concerto** de J. B. Singelée (Ed. Lemoine)



## SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

### PRIMEIRA AVALIACIÓN

-*24 Estudios Fáciles* de M. Mule: 1-8

-*Techni-Sax* de G. Senon: 1-8

-Escalas maiores e menores de ata catro alteracións na armadura e a escala cromática, picadas e ligadas, á velocidade de 60 en semicorcheas.

-Unha obra das indicadas na programación.

### SEGUNDA AVALIACIÓN

-*24 Estudios Fáciles* de M. Mule: 9-15

-*Techni-Sax* de G. Senon: 9-15

-Escalas maiores e menores de ata catro alteracións na armadura e a escala cromática, picadas e ligadas, á velocidade de 72 en semicorcheas.

-Unha obra das indicadas na programación.

### TERCEIRA AVALIACIÓN

-*24 Estudios Fáciles* de M. Mule: 16-21

-*Techni-Sax* de G. Senon: 16-21

-Escalas maiores e menores de ata catro alteracións na armadura e a escala cromática, picadas e ligadas, á velocidade de 80 en semicorcheas.

-Unha obra das indicadas na programación.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

-Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.

-Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, articulación e fraseo adecuados ao seu contido.

-Interpretar obras con fidelidade ao texto.

-Describir con posterioridade a unha audición os rasgos característicos das obras escoitadas.

-Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual.

-Interpretar en público como solista e de memoria obras representativas do seu nivel con seguridade e control da situación.

-Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ao mesmo tempo que escoita e se adapta ao resto dos instrumentos.

## **GRAO PROFESIONAL**

### **Obxetivos xerais.**

-Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

-Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diferentes épocas e estilos, de dificultade adecuada a este nivel.

-Demostrar unha autonomía progresivamente maior para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulacións, fraseo, etc.

-Coñecer as distintas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica e á ornamentación.

-Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

-Desenvolver a capacidade da lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

-Practicar a música de conxunto integrándose en formacións camelísticas de diversa configuración e realizando papeis de solista con banda en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.

## **Contidos xerais.**

- Desenvolvemento en profundidade da velocidade e de toda a gama de articulacións posibles.
- Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: línea, color e expresión, adecuándoos aos diferentes estilos, con especial atención ao seu estudo nos tempos lentos.
- Estudo do rexistro sobreagudo.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver ao máximo o sentido da afinación, harmonía, ritmo, etc.
- Estudo do vibrato.
- Estudo dos instrumentos afíns.
- Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das novas graffias e efectos.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura a vista.
- Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de maneira crítica as características das súas diferentes versións.

## **PRIMEIRO CURSO DE GRAO PROFESIONAL**

### **OBXETIVOS**

- Desenvolver a sensibilidade auditiva para perfeccionar a afinación e conseguir gradualmente unha mellor calidade sonora.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde co nivel.
- Adquirir hábitos e técnicas de estudo correctos que permitan rentabilizar o tempo de estudo dunha maneira eficaz.

- Coñecer os elementos estilísticos, harmónicos e formais que permitan ao alumno tomar decisións interpretativas de forma cada vez máis autónoma.
- Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental.
- Integrar adecuadamente os coñecementos técnicos e interpretativos adquiridos á práctica de conxunto en formacións camerísticas ou en conxuntos instrumentais máis amplos.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- Desenvolver o espírito crítico para percibir adecuadamente o valor artístico dunha obra musical e a súa interpretación.

## **CONTIDOS**

- Práctica de memoria da escala cromática e todas as escalas diatónicas maiores e menores e en intervalos de terceira, cos seus respectivos arpejos (perfectos, maiores e menores, de sétima dominante e diminuída).
- Desenvolvemento da velocidade e de toda a gama de articulacións.
- Desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Coñecemento do rexistro sobreagudo.
- Estudo do son atendendo ao timbre, afinación, emisión e articulacións.
- Profundización no estudo do vibrato como elemento expresivo, de acordo coas esixencias interpretativas dos diferentes estilos.
- Traballo sobre os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión.
- Exercitación da memoria e da lectura a vista.
- Análise de obras e audicións comparadas de grandes intérpretes.
- Práctica de conxunto con atención ao aspecto rítmico, a afinación e á adaptación aos distintos planos sonoros.
- Utilización dos diferentes instrumentos da familia do saxofón.

## RECURSOS

*Les Gammes Conjointes et en Intervalles* de J. M. Londeix (Ed. Lemoine)

*48 Études* de W. Ferling/M. Mule (Ed. Alphonse Leduc)

*15 Estudios Cantantes* de H. Klosé (Ed. Alphonse Leduc)

*Los Armónicos en el Saxofón* de P. Iturralde (Ed. Musicinco)

Obras para saxofón en Mib.

*Chanson et Passepied* de J. Rueff (Ed. Alphonse Leduc)

*Petite Suite Latine* de J. Naulais (Ed. Lemoine)

*Sarabande et Allegro* de G. Grovlez (Ed. Alphonse Leduc)

*Histoires* de J. Ibert (Ed. Alphonse Leduc)

*Pièces Célèbres* (vol.1) de M. Mule (Ed. Alphonse Leduc)

Obras para saxofón en Sib.

*Sonate en Sol mineur* de G. F. Haendel (Ed. Alphonse Leduc)

*Concerto Op. 57* de J. B. Singelée (Ed. Lemoine)

*4º Solo de Concerto Op. 84* de J. B. Singelée (Ed. Lemoine)

*Ballade* de F. Martin (Ed. Universal)

## SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

### PRIMEIRA AVALIACIÓN

-*Les Gammes* de J. M. Londeix: Escalas maiores e menores por grados conxuntos, segundas e terceiras ata 5 alteracións na armadura, picadas e ligadas, á velocidade de 72. Arpexos (I e V<sup>7</sup>) de memoria á mesma velocidade en todo o rexistro.

-*48 Études* de W. Ferling/M. Mule: 1-6

-*15 Estudios Cantantes* de H. Klosé: 1-3

### SEGUNDA AVALIACIÓN

-*Les Gammes* de J. M. Londeix: Escalas maiores e menores por grados conxuntos, segundas e terceiras ata 5 alteracións na armadura, picadas e ligadas e en diferentes articulacións, á velocidade de 80. Arpexos (I e V<sup>7</sup> e VII<sup>7</sup>) de memoria á mesma velocidade en todo o rexistro.

-**48 Études** de W. Ferling/M. Mule: 7-14

-**15 Estudios Cantantes** de H. Klosé: 4-7

-Unha obras das indicadas na programación.

### TERCEIRA AVALIACIÓN

-**Les Gammes** de J. M. Londeix: Escalas maiores e menores por grados conxuntos, segundas e terceiras ata 5 alteracións na armadura, picadas e ligadas e en diferentes articulacións, á velocidade de 80. Arpexos (I e V<sup>7</sup> e VII<sup>7</sup>) de memoria á mesma velocidade en todo o rexistro.

-**48 Études** de W. Ferling/M. Mule: 15-20

-**15 Estudios Cantantes** de H. Klosé: 8-11

-Unha obras das indicadas na programación.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

-Mostrar sensibilidade auditiva na afinación e reflexos para a súa corrección.

-Realizar adecuadamente as indicacións dinámicas e os diferentes tipos de ataques e articulacións.

-Utilizar coherentemente o vibrato e as posibilidades sonoras do instrumento adecuándoos aos diferentes estilos.

-Demostrar o dominio na execución de estudos e obras con fidelidade ao texto.

-Interpretar alomenos dúas obras de estilos diferentes do repertorio do instrumento, con fidelidade e coherencia estilística.

-Interpretar con fidelidade ao texto e criterios interpretativos definidos o repertorio elexido polo profesor.

-Demostrar autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.

-Relacionar os coñecementos de harmonía e históricos co repertorio interpretado.

-Utilizar o esforzo muscular e a respiración adecuados ás esixencias da execución instrumental.

-Mostrar autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.

- Mostrar interese polo contexto histórico e musical de cada unha das obras estudias.
- Aplicar adecuadamente os coñecementos técnicos adquiridos na clase de instrumento a outras disciplinas.
- Relacionar os aspectos interpretativos da clase individual coa práctica camerística e de conxunto.
- Participar en alomenos dúas das audicións programadas, presentando un programa adecuado ao seu nivel, e participar ou colaborar nas diferentes actividades que se programen ao longo do curso.
- Manifestar capacidades e actitudes comunicativas e artísticas.
- Comentar obxetivamente aspectos relacionados coa propia interpretación e a dos compañeiros.

## **SEGUNDO CURSO DE GRAO PROFESIONAL**

### **OBXETIVOS**

- Desenvolver a sensibilidade auditiva para perfeccionar a afinación e conseguir gradualmente unha mellor calidade sonora.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde co nivel.
- Adquirir hábitos e técnicas de estudo correctos que permitan rentabilizar o tempo de estudo dunha maneira eficaz.
- Coñecer os elementos estilísticos, harmónicos e formais que permitan ao alumno tomar decisións interpretativas de forma cada vez máis autónoma.
- Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da historia da música instrumental.
- Integrar adecuadamente os coñecementos técnicos e interpretativos adquiridos á práctica de conxunto en formacións camerísticas ou en conxuntos instrumentais máis amplos.

- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- Desenvolver o espírito crítico para percibir adecuadamente o valor artístico dunha obra musical e a súa interpretación.

## CONTIDOS

- Práctica de memoria da escala cromática e todas as escalas diatónicas maiores e menores e en intervalos de terceira, cos seus respectivos arpejos (perfectos, maiores e menores, de sétima dominante e diminuída).
- Desenvolvemento da velocidade e de toda a gama de articulacións.
- Desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Coñecemento do rexistro sobreagudo.
- Estudo do son atendendo ao timbre, afinación, emisión e articulacións.
- Profundización no estudo do vibrato como elemento expresivo, de acordo coas esixencias interpretativas dos diferentes estilos.
- Traballo sobre os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión.
- Exercitación da memoria e da lectura a vista.
- Análise de obras e audicións comparadas de grandes intérpretes.
- Práctica de conxunto con atención ao aspecto rítmico, a afinación e á adaptación aos distintos planos sonoros.
- Utilización dos diferentes instrumentos da familia do saxofón.

## RECURSOS

*Les Gammes Conjointes et en Intervalles* de J. M. Londeix (Ed. Lemoine)

*48 Études* de W. Ferling/M. Mule (Ed. Alphonse Leduc)

*35 Études Techniques* de R. Decouais (Ed. Billaudot)

*Los Armónicos en el Saxofón* de P. Iturralde (Ed. Musicinco)



Obras para saxofón en Mib.

***Pulcinella*** de E. Bozza (Ed. Alphonse Leduc)

***Concerto*** de R. Binge (Ed. Weinberger)

***Fantasia-Impromptu*** de A. Jolivet (Ed. Alphonse Leduc)

***Sonate*** de G. P. Telemann (Ed. Alphonse Leduc)

Obras para saxofón en Sib.

***Sonate nº 1*** de G. F. Haendel (Ed. Alphonse Leduc)

***6º Solo de Concerto Op. 92*** de J. B. Singelée (Ed. Lemoine)

***Fantaisie Brillante Op. 75*** de J. B. Singelée (Ed. Lemoine)

***Sonatina*** de W. Skolnik (Ed. Tenuto)

## SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

### PRIMEIRA AVALIACIÓN

-***Les Gammes*** de J. M. Londeix: Escalas maiores e menores por grados conxuntos, segundas e terceiras ata sete alteracións na armadura, en diferentes articulacións, á velocidade de 88. Arpexos (I e V<sup>7</sup> e VII<sup>7</sup>) de memoria á mesma velocidade en todo o rexistro.

-***48 Études*** de W. Ferling/M. Mule: 21-26

-***35 Études Techniques*** de R. Decouais: 1-6

### SEGUNDA AVALIACIÓN

-***Les Gammes*** de J. M. Londeix: Escalas maiores e menores por grados conxuntos, segundas e terceiras ata sete alteracións na armadura, en diferentes articulacións, á velocidade de 96. Arpexos (I e V<sup>7</sup> e VII<sup>7</sup>) de memoria á mesma velocidade en todo o rexistro.

-***48 Études*** de W. Ferling/M. Mule: 27-34

-***35 Études Techniques*** de R. Decouais: 7-14

-Unha obras das indicadas na programación.

### TERCEIRA AVALIACIÓN

-***Les Gammes*** de J. M. Londeix: Escalas maiores e menores por grados conxuntos, segundas e terceiras ata sete alteracións na armadura, en diferentes articulacións, á velocidade de 100.

Arpexos (I e V<sup>7</sup> e VII<sup>7</sup>) de memoria á mesma velocidade en todo o rexistro.

-**48 Études** de W. Ferling/M. Mule: 35-40

-**35 Études Techniques** de R. Decouais: 15-20

-Unha obras das indicadas na programación.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

-Mostrar sensibilidade auditiva na afinación e reflexos para a súa corrección.

-Realizar adecuadamente as indicacións dinámicas e os diferentes tipos de ataques e articulacións.

-Utilizar o vibrato e as posibilidades sonoras do instrumento adecuándoos aos diferentes estilos.

-Demostrar o dominio na execución de estudos e obras con fidelidade ao texto.

-Interpretar alomenos dúas obras de estilos diferentes do repertorio do instrumento, con fidelidade e coherencia estilística.

-Interpretar con fidelidade ao texto e criterios interpretativos definidos o repertorio elixido polo profesor.

-Demostrar autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.

-Utilizar o esforzo muscular e a respiración axeitados ás esixencias da execución instrumental.

-Mostrar autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.

-Mostrar interese polo contexto histórico e musical de cada unha das obras estudadas.

-Aplicar adecuadamente os coñecementos técnicos adquiridos na clase de instrumento a outras disciplinas.

-Relacionar os aspectos interpretativos da clase individual coa práctica comertística e de conxunto.

-Participar en alomenos dúas das audicións programadas, presentando un programa adecuado ao seu nivel, e participar ou colaborar nas diferentes actividades que se programen

ao longo do curso.

-Manifestar capacidades e actitudes comunicativas e artísticas.

-Comentar obxetivamente aspectos relacionados coa propia interpretación e a dos compañeiros.

## **TERCEIRO CURSO DE GRAO PROFESIONAL**

### **OBXETIVOS**

-Desenvolver unha sensibilidade auditiva que permita controlar e mellorar o son nos seus diferentes parámetros, adecuándoos aos diferentes estilos e combinacións instrumentais.

-Interpretar un repertorio que abrangan os diferentes estilos e que favoreza o desenvolvemento técnico e artístico do alumno neste nivel.

-Adquirir hábitos e técnicas de estudo correctos que permitan solucionar de forma autónoma cuestións relacionadas coa interpretación e execución instrumental.

-Coñecer os elementos estilísticos, harmónicos e formais que permitan ao alumno tomar decisións interpretativas de forma cada vez máis autónoma.

-Coñecer as diversas convencións interpretativas correspondentes aos distintos períodos do repertorio do instrumento.

-Integrar adecuadamente os coñecementos técnicos e interpretativos adquiridos á práctica de conxunto en formacións camerísticas ou en conxuntos instrumentais máis amplos.

-Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

-Desenvolver o espírito crítico para percibir adecuadamente o valor artístico dunha obra musical e a súa interpretación.

-Mostrar interese polo coñecemento e desenvolvemento do repertorio do instrumento.

-Espertar a interese por outras manifestacións artísticas.

## CONTIDOS

- Práctica da escala cromática e todas as escalas diatónicas maiores e menores e en intervalos de terceira e cuarta cos seus respectivos arpejos (perfectos maiores e menores, de sétima dominante e disminuída).
- Desenvolvemento da velocidade e de toda a gama de articulacións.
- Desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Estudio do son atendendo a súa morfoloxía: diferenciación de ataques, timbre e finalización.
- Utilización dos recursos sonoros correspondentes á interpretación do repertorio.
- Profundización no estudo do vibrato adecuándoo ás esixencias interpretativas dos diferentes estilos e caracteres.
- Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión, adecuándooos aos diferentes estilos.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos, desenvolvendo o sentido da afinación, o ritmo e control dos diferentes planos sonoros.
- Estudio do repertorio orquestal, tanto en funcións de solista ou como integrante da formación.
- Utilización de diferentes instrumentos da familia do saxofón.
- Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura a vista.
- Práctica da improvisación en diferentes estilos.
- Profundización nas análises formais, harmónica e estética do repertorio traballado.

## RECURSOS

*Les Gammes Conjointes et en Intervalles* de J. M. Londeix (Ed. Lemoine)

*18 Exercices ou Études* de M. Mule (Ed. Alphonse Leduc)

*16 Études Rythmo-Techniques* de G. Senon (Ed. Billaudot)

Obras para saxofón en Mib.

***Sonatine Sportive*** de A. Tcherepnine (Ed. Alphonse Leduc)

***Pequeña Czarda*** de P. Iturralde (Ed. Real Musical)

***Intermedio Champetre*** de P. Gaubert (Ed. Alphonse Leduc)

***Sonata*** de B. Heiden (Ed. Schott)

Obras para saxofón en Sib.

***Suite No.1*** de J. Bach/Londeix (Ed. Lemoine)

***Suite Hellenique*** de P. Iturralde (Ed. Lemoine)

***Sonata*** de G. Anderson (Ed. Southern)

***Piece en Forme de Habanera*** de M. Ravel/Viard (Ed. Alphonse Leduc)

## SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

### PRIMEIRA AVALIACIÓN

-***Les Gammes*** de J. M. Londeix: Escalas maiores e menores por grados conxuntos, segundas e terceiras e cuartas ata sete alteracións na armadura, en diferentes articulacións, á velocidade de 100. Arpexos (I e V<sup>7</sup> e VII<sup>7</sup>) de memoria á mesma velocidade en todo o rexistro.

-***18 Exercices ou Études*** de M. Mule: 1-4

-***16 Études Rytmo-Techniques*** de G. Senon: 1-5

### SEGUNDA AVALIACIÓN

-***Les Gammes*** de J. M. Londeix: Escalas maiores e menores por grados conxuntos, segundas e terceiras e cuartas ata sete alteracións na armadura, en diferentes articulacións, á velocidade de 104. Arpexos (I e V<sup>7</sup> e VII<sup>7</sup>) de memoria á mesma velocidade en todo o rexistro.

-***18 Exercices ou Études*** de M. Mule: 5-8

-***16 Études Rytmo-Techniques*** de G. Senon: 6-11

-Unha obra das indicadas na programación.

### TERCEIRA AVALIACIÓN

-***Les Gammes*** de J. M. Londeix: Escalas maiores e menores por grados conxuntos, segundas e terceiras e cuartas ata sete alteracións na armadura, en diferentes articulacións, á velocidade de 108. Arpexos (I e V<sup>7</sup> e VII<sup>7</sup>) de memoria á mesma velocidade en todo o rexistro.

- 18 Exercices ou Études* de M. Mule: 9-12
- 16 Études Rytmo-Techniques* de G. Senon: 12-16
- Unha obra das indicadas na programación.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Mostrar sensibilidade auditiva na afinación e reflexos para a súa corrección.
- Realizar adecuadamente as indicacións dinámicas e os diferentes tipos de ataques e articulacións.
- Utilizar coherentemente o vibrato e as posibilidades sonoras do instrumento adecuándoos aos diferentes estilos.
- Demostrar o dominio na execución de estudos e obras con fidelidade ao texto.
- Interpretar alomenos dúas obras de estilos diferentes do repertorio do instrumento, con fidelidade e coherencia estilística.
- Demostrar autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.
- Utilizar o esforzo muscular e a respiración axeitados ás esixencias da execución instrumental.
- Mostrar autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- Mostrar interese polo contexto histórico e musical de cada unha das obras estudadas.
- Aplicar adecuadamente os coñecementos técnicos adquiridos na clase de instrumento a outras disciplinas.
- Relacionar os aspectos interpretativos da clase individual coa práctica de conxunto.
- Participar en alomenos dúas das audicións programadas, presentando un programa adecuado ao seu nivel, e participar ou colaborar nas diferentes actividades que se programen ao longo do curso.
- Comentar obxetivamente aspectos relacionados coa propia interpretación e a dos compañeiros.

## **CUARTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL**

### **O BXETIVOS**

- Desenvolver unha sensibilidade auditiva que permita controlar e mellorar o son nos seus diferentes parámetros, adecuándoos aos diferentes estilos e combinacións instrumentais.
- Interpretar un repertorio que abrangue os diferentes estilos e que favoreza o desenvolvemento técnico e artístico do alumno neste nivel.
- Adquirir hábitos e técnicas de estudo correctos que permitan solucionar de forma autónoma cuestións relacionadas coa interpretación e execución instrumental.
- Profundizar nos coñecementos estilísticos, harmónicos e formais que permitan ao alumno tomar decisións interpretativas de forma cada vez máis autónoma.
- Coñecer as diversas convencións interpretativas correspondentes aos distintos períodos do repertorio do instrumento.
- Integrar adecuadamente os coñecementos técnicos e interpretativos adquiridos á práctica de conxunto en formacións camerísticas ou en conxuntos instrumentais máis amplos.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- Desenvolver o espírito crítico para percibir adecuadamente o valor artístico dunha obra musical e a súa interpretación.
- Mostrar interese polo coñecemento e desenvolvemento do repertorio do instrumento.
- Espertar a interese por outras manifestacións artísticas.

### **CONTIDOS**

- Práctica da escala cromática e todas as escalas diatónicas maiores e menores e en intervalos de terceira e cuarta cos seus respectivos arpejos (perfectos maiores e menores, de sétima dominante e diminuída).
- Desenvolvemento da velocidade e de toda a gama de articulacións.
- Desenvolvemento da capacidade pulmonar.

- Estudio do son atendendo a súa morfoloxía: diferenciación de ataques, timbre e finalización.
- Utilización dos recursos sonoros correspondentes á interpretación do repertorio.
- Profundización no estudo do vibrato adecuándoo ás esixencias interpretativas dos diferentes estilos e caracteres.
- Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión, adecuándoo aos diferentes estilos.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos, desenvolvendo o sentido da afinación, o ritmo e control dos diferentes planos sonoros.
- Estudo do repertorio orquestral, tanto en funcións de solista ou como integrante da formación.
- Utilización de diferentes instrumentos da familia do saxofón.
- Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura a vista.
- Práctica da improvisación en diferentes estilos.
- Profundización nas análises formais, harmónica e estética do repertorio traballado.
- Análise crítico das características interpretativas e técnicas de diferentes versións e intérpretes mediante audicións comparadas.

## RECURSOS

***Les Gammes Conjointes et en Intervalles*** de J. M. Londeix (Ed. Lemoine)

***53 Études (vol. 1)*** de M. Mule (Ed. Alphonse Leduc)

***15 Études Op. 188*** de C. Koechlin (Ed. Billaudot)

Obras para saxofón en Mib.

***Fantaisie sur un thème original*** de J. Demersseman (Ed. Fuzeau)

***Diptyque*** de E. Bozza (Ed. Alphonse Leduc)

***Balade*** de H. Tomasi (Ed. Alphonse Leduc)

***Rapsodie*** de C. Debussy/V. David (Ed. Lemoine)

***Introduction, Danse et Furioso*** de H. Couf (Ed. Belwin)



Obras para saxofón en Sib.

*Concerto* de J. H. Fiocco/Londeix (Ed. Alphonse Leduc)

*Suite No. 3* de J. S. Bach/Londeix (Ed. Lemoine)

*Octophonie* de G. Lacour (Ed. Billaudot)

*First Concertino* de G. Guilhaud (Ed. Rubank)

*Fantaisie* de D. Bédard (Ed. Billaudot)

## SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

### PRIMEIRA AVALIACIÓN

-*Les Gammes* de J. M. Londeix: Escalas maiores e menores por grados conxuntos, segundas, terceiras, cuartas e quintas ata sete alteracións na armadura, en diferentes articulacións, á velocidade de 108. Arpexos (I e V<sup>7</sup> e VII<sup>7</sup>) de memoria á mesma velocidade en todo o rexistro.

-*53 Études (vol. 1)* de M. Mule: 1-5

-*15 Études Op. 188* de C. Koechlin: 1-4

### SEGUNDA AVALIACIÓN

-*Les Gammes* de J. M. Londeix: Escalas maiores e menores por grados conxuntos, segundas, terceiras, cuartas e quintas ata sete alteracións na armadura, en diferentes articulacións, á velocidade de 112. Arpexos (I e V<sup>7</sup> e VII<sup>7</sup>) de memoria á mesma velocidade en todo o rexistro.

-*53 Études (vol. 1)* de M. Mule: 6-11

-*15 Études Op. 188* de C. Koechlin: 5-8

-Unha obra das indicadas na programación.

### TERCEIRA AVALIACIÓN

-*Les Gammes* de J. M. Londeix: Escalas maiores e menores por grados conxuntos, segundas, terceiras, cuartas e quintas ata sete alteracións na armadura, en diferentes articulacións, á velocidade de 112. Arpexos (I e V<sup>7</sup> e VII<sup>7</sup>) de memoria á mesma velocidade en todo o rexistro.

-*53 Études (vol. 1)* de M. Mule: 12-16

-*15 Études Op. 188* de C. Koechlin: 9-12

-Unha obra das indicadas na programación.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Mostrar sensibilidade auditiva na afinación e reflexos para a súa corrección.
- Realizar adecuadamente as indicacións dinámicas e os diferentes tipos de ataques e articulacións.
- Utilizar coherentemente o vibrato e as posibilidades sonoras do instrumento adecuándoos aos diferentes estilos.
- Demostrar o dominio na execución de estudos e obras con fidelidade ao texto.
- Interpretar alomenos dúas obras de estilos diferentes do repertorio do instrumento, con fidelidade e coherencia estilística.
- Interpretar alomenos unha das obras do repertorio solista de acordo cos criterios de estilo.
- Interpretar con fidelidade ao texto e criterios interpretativos definidos o repertorio elixido polo profesor.
- Demostrar autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.
- Relacionar os coñecementos de harmonía e historia da música co repertorio interpretado.
- Utilizar o esforzo muscular e a respiración axeitados ás esixencias da execución instrumental.
- Mostrar autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- Mostrar interese polo contexto histórico e musical de cada unha das obras estudadas.
- Aplicar adecuadamente os coñecementos técnicos adquiridos na clase de instrumento a outras disciplinas.
- Relacionar os aspectos interpretativos da clase individual coa práctica camerística e de conxunto.
- Participar en alomenos dúas das audicións programadas, presentando un programa adecuado ao seu nivel, e participar ou colaborar nas diferentes actividades que se programen ao longo do curso.
- Demostrar capacidade e actitudes comunicativa e artística.
- Comentar obxetivamente aspectos relacionados coa propia interpretación e a dos compañeiros.

# QUINTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL

## OBXETIVOS

- Desenvolver unha sensibilidade auditiva que permita controlar e mellorar o son nos seus diferentes parámetros, adecuándoos aos diferentes estilos e combinacións instrumentais.
- Interpretar un repertorio que abrangue os diferentes estilos e que favoreza o desenvolvemento técnico e artístico do alumno neste nivel.
- Perfeccionamento e adaptación da cana para lograr un mellor funcionamento da mesma.
- Adquirir hábitos e técnicas de estudo correctos que permitan solucionar de forma autónoma cuestións relacionadas coa interpretación e execución instrumental.
- Profundizar nos coñecementos estilísticos, harmónicos e formais que permitan ao alumno tomar decisións interpretativas de forma cada vez máis autónoma.
- Profundizar no coñecemento das diversas convencións interpretativas correspondentes aos distintos períodos do repertorio do instrumento.
- Integrar adecuadamente os coñecementos técnicos e interpretativos adquiridos á práctica de conxunto en formacións camerísticas ou en conxuntos instrumentais máis amplos.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- Desenvolver o espírito crítico para percibir adecuadamente o valor artístico dunha obra musical e a súa interpretación.
- Mostrar interese polo coñecemento e desenvolvemento do repertorio do instrumento.
- Espertar a interese por outras manifestacións artísticas.

## CONTIDOS

- Práctica da escala cromática e todas as escalas diatónicas maiores e menores e en intervalos de terceira e cuarta cos seus respectivos arpejos (perfectos maiores e menores, de sétima dominante e diminuída), incluído o rexistro sobreagudo.
- Desenvolvemento da velocidade e de toda a gama de articulacións.

- Desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Estudio do son atendendo a súa morfoloxía: diferenciación de ataques, timbre e finalización.
- Utilización dos recursos sonoros correspondentes á interpretación do repertorio.
- Profundización no estudo do vibrato adecuándoo ás esixencias interpretativas dos diferentes estilos e caracteres.
- Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión, adecuándoos aos diferentes estilos.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos, desenvolvendo o sentido da afinación, o ritmo e control dos diferentes planos sonoros.
- Estudo do repertorio orquestal, tanto en funcións de solista ou como integrante da formación.
- Utilización de diferentes instrumentos da familia do saxofón.
- Entrenamento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica da lectura a vista.
- Práctica da improvisación en diferentes estilos.
- Profundización nas análises formais, harmónica e estética do repertorio traballado.
- Análise crítico das características interpretativas e técnicas de diferentes versións e intérpretes mediante audicións comparadas.

## RECURSOS

*Les Gammes Conjointes et en Intervalles* de J. M. Londeix (Ed. Lemoine)

*53 Études (vol. 2)* de M. Mule (Ed. Alphonse Leduc)

*20 Grandes Études (vol. 1)* de F. Capelle (Ed. Alphonse Leduc)

Obras para saxofón en Mib.

*Scaramouche* de D. Milhaud (Ed. Salabert)

*Tableaux de Provence* de P. Maurice (Ed. Lemoine)

**Tango – Études** de A. Piazzola (Ed. Lemoine)

**Brilliance** de I. Gotkovsky (Ed. Billaudot)

**Escapades** de J. Williams (Ed. Hal Leonard)

Obras para saxofón en Sib.

**Partita en La menor BWV 1013** de J. S. Bach/A. Bouhey (Ed. Lemoine)

**2º Solo de Concurso** de F. R. Escobés (Ed. Tropic)

**Premier Solo** de J. Demersseman (Ed. Maurer)

**Sonata** de L. Stein (Ed. Southern Music Co.)

**Concertino pour saxophone soprano et orchestra** de P. Harvey (Ed. Maurer Johann)

## SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

### PRIMEIRA AVALIACIÓN

-**Les Gammes** de J. M. Londeix: Escalas maiores e menores por grados conxuntos, segundas, terceiras, cuartas, quintas e sextas ata sete alteracións na armadura, en diferentes articulacións, á velocidade de 112. Arpexos (I e V<sup>7</sup> e VII<sup>7</sup>) de memoria á mesma velocidade en todo o rexistro.

-**53 Études (vol. 2)** de M. Mule: 19-23

-**20 Grandes Études (vol. 1)** de F. Capelle: 1-3

-Unha obra das indicadas na programación.\*

### SEGUNDA AVALIACIÓN

-**Les Gammes** de J. M. Londeix: Escalas maiores e menores por grados conxuntos, segundas, terceiras, cuartas, quintas e sextas ata sete alteracións na armadura, en diferentes articulacións, á velocidade de 116. Arpexos (I e V<sup>7</sup> e VII<sup>7</sup>) de memoria á mesma velocidade en todo o rexistro.

-**53 Études (vol. 2)** de M. Mule: 24-29

-**20 Grandes Études (vol. 1)** de F. Capelle: 4-6

-Unha obra das indicadas na programación.\*

### TERCEIRA AVALIACIÓN

-**Les Gammes** de J. M. Londeix: Escalas maiores e menores por grados conxuntos, segundas, terceiras, cuartas, quintas e sextas ata sete alteracións na armadura, en diferentes

articulacións, á velocidade de 116. Arpexos (I e V<sup>7</sup> e VII<sup>7</sup>) de memoria á mesma velocidade en todo o rexistro.

-*53 Études (vol. 2)* de M. Mule: 30-34

-*20 Grandes Études (vol. 1)* de F. Capelle: 7-9

-Unha obra das indicadas na programación.\*

\*Nota: unha das obras traballadas durante o curso deberá ser para saxofón en Sib.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Mostrar sensibilidade auditiva na afinación e reflexos para a súa corrección.
- Realizar adecuadamente as indicacións dinámicas e os diferentes tipos de ataques e articulacións.
- Utilizar coherentemente o vibrato e as posibilidades sonoras do instrumento adecuándoos aos diferentes estilos.
- Demostrar o dominio na execución de estudos e obras con fidelidade ao texto.
- Interpretar tres obras dos diferentes estilos do repertorio do instrumento, con fidelidade e coherencia estilística.
- Interpretar de memoria estudos e alomenos unha das obras do repertorio solista de acordo cos criterios de estilo correspondente.
- Interpretar con fidelidade ao texto e criterios interpretativos definidos o repertorio elixido polo alumno.
- Demostrar autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.
- Relacionar os coñecementos de harmonía e historia da música co repertorio interpretado.
- Utilizar o esforzo muscular e a respiración axeitados ás esixencias da execución instrumental.
- Mostrar autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- Mostrar interese polo contexto histórico e musical de cada unha das obras estudadas.
- Aplicar adecuadamente os coñecementos técnicos adquiridos na clase de instrumento a

outras disciplinas.

-Relacionar os aspectos interpretativos da clase individual coa práctica camerística e de conxunto.

-Participar en alomenos dúas das audicións programadas, presentando un programa adecuado ao seu nivel, e participar ou colaborar nas diferentes actividades que se programen ao longo do curso.

-Demostrar capacidade e actitudes comunicativa e artística.

-Comentar obxetivamente aspectos relacionados coa propia interpretación e a dos compañeiros.

-Presentar ao inicio do curso unha obra preparada e escollida polo alumno, xustificando a súa elección.

## **SEXTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL**

### **OBXETIVOS**

-Desenvolver unha sensibilidade auditiva que permita controlar e mellorar o son nos seus diferentes parámetros, adecuándoos aos diferentes estilos e combinacións instrumentais.

-Interpretar un repertorio que abrangue os diferentes estilos e que favoreza o desenvolvemento técnico e artístico do alumno neste nivel.

-Perfeccionamento e adaptación da cana para lograr un mellor funcionamento da mesma.

-Demostrar autonomía para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación e execución musical.

-Profundizar nos coñecementos estilísticos, harmónicos e formais que permitan ao alumno tomar decisións interpretativas de forma cada vez máis autónoma.

- Coñecer as diversas convencións interpretativas correspondentes aos distintos períodos do repertorio do instrumento.
- Integrar adecuadamente os coñecementos técnicos e interpretativos adquiridos á práctica de conxunto en formacións camerísticas ou en conxuntos instrumentais máis amplos.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.
- Desenvolver o espírito crítico para percibir adecuadamente o valor artístico dunha obra musical e a súa interpretación.
- Mostrar interese polo coñecemento e desenvolvemento do repertorio do instrumento.
- Espertar a interese por outras manifestacións artísticas.

## **CONTIDOS**

- Práctica da escala cromática e todas as escalas diatónicas maiores e menores e en intervalos de terceira e cuarta cos seus respectivos arpejos (perfectos maiores e menores, de sétima dominante e disminuída), incluído o rexistro sobreagudo.
- Desenvolvemento da velocidade e de toda a gama de articulacións.
- Desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Estudio do son atendendo a súa morfoloxía: diferenciación de ataques, timbre e finalización.
- Utilización dos recursos sonoros correspondentes á interpretación do repertorio.
- Profundización no estudo do vibrato adecuándoo ás esixencias interpretativas dos diferentes estilos e caracteres.
- Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical: liña, cor e expresión, adecuándoos aos diferentes estilos.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos, desenvolvendo o sentido da afinación, o ritmo e control dos diferentes planos sonoros.
- Estudio do repertorio orquestral, tanto en funcións de solista ou como integrante da formación.
- Utilización de diferentes instrumentos da familia do saxofón.
- Entrenamento permanente e progresivo da memoria.



-Práctica da lectura a vista.

-Práctica da improvisación en diferentes estilos.

-Profundización nas análises formais, harmónica e estética do repertorio traballado.

-Análise crítico das características interpretativas e técnicas de diferentes versións e intérpretes mediante audicións comparadas.

## RECURSOS

***Les Gammes Conjointes et en Intervalles*** de J. M. Londeix (Ed. Lemoine)

***53 Études (vol. 3)*** de M. Mule (Ed. Alphonse Leduc)

***20 Grandes Études (vol. 2)*** de F. Capelle (Ed. Alphonse Leduc)

Obras para saxofón en Mib.

***Sonata*** de P. Creston (Ed. Templeton)

***Concerto*** de A. Glazunov (Ed. Alphonse Leduc)

***Legende*** de F. Schmitt (Ed. Durand)

***Sonatina*** de C. Pascale (Ed. Durand)

***Concertino*** de E. Bozza (Ed. Alphonse Leduc)

Obras para saxofón en Sib.

***Fantasia*** de H. Villa-Lobos (Ed. Suthern)

***Pieza Concertante*** de G. Lacour (Ed. Billaudot)

***Petite Suite*** de M. Quérat (Ed. Billaudot)

***Fantaisie Pastorale Op. 56*** de J. B. Singelée (Ed. Lemoine)

***Songe de Coppélius*** de F. Schmitt (Ed. Lemoine)

## SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES

### PRIMEIRA AVALIACIÓN

-*Les Gammes* de J. M. Londeix: Escalas maiores e menores por grados conxuntos, segundas, terceiras, cuartas, quintas e sextas ata sete alteracións na armadura, en diferentes articulacións, á velocidade de 116. Arpexos (I e V<sup>7</sup> e VII<sup>7</sup>) de memoria á mesma velocidade en todo o rexistro.

-*53 Études (vol. 3)* de M. Mule: 36-40

-*20 Grandes Études (vol. 2)* de F. Capelle: 11-13

-Unha obra das indicadas na programación.\*

### SEGUNDA AVALIACIÓN

-*Les Gammes* de J. M. Londeix: Escalas maiores e menores por grados conxuntos, segundas, terceiras, cuartas, quintas e sextas ata sete alteracións na armadura, en diferentes articulacións, á velocidade de 120. Arpexos (I e V<sup>7</sup> e VII<sup>7</sup>) de memoria á mesma velocidade en todo o rexistro.

-*53 Études (vol. 3)* de M. Mule: 41-46

-*20 Grandes Études (vol. 2)* de F. Capelle: 14-17

-Unha obra das indicadas na programación.\*

### TERCEIRA AVALIACIÓN

-*Les Gammes* de J. M. Londeix: Escalas maiores e menores por grados conxuntos, segundas, terceiras, cuartas, quintas e sextas ata sete alteracións na armadura, en diferentes articulacións, á velocidade de 116. Arpexos (I e V<sup>7</sup> e VII<sup>7</sup>) de memoria á mesma velocidade en todo o rexistro.

-*53 Études (vol. 3)* de M. Mule: 47-51

-*20 Grandes Études (vol. 2)* de F. Capelle: 18-20

-Unha obra das indicadas na programación.\*

\*Nota: unha das obras traballadas durante o curso deberá ser para saxofón en Sib.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

-Mostrar sensibilidade auditiva na afinación e reflexos para a súa corrección.

-Realizar adecuadamente as indicacións dinámicas e os diferentes tipos de ataques e articulacións.

- Utilizar coherentemente o vibrato e as posibilidades sonoras do instrumento adecuándoos aos diferentes estilos.
- Demostrar o dominio na execución de estudos e obras con fidelidade ao texto.
- Interpretar tres obras dos diferentes estilos do repertorio do instrumento, con fidelidade e coherencia estilística.
- Interpretar de memoria estudos e alomenos unha das obras do repertorio solista de acordo cos criterios de estilo correspondente.
- Interpretar con fidelidade ao texto e criterios interpretativos definidos o repertorio elixido polo alumno.
- Demostrar autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.
- Relacionar os coñecementos de harmonía e historia da música co repertorio interpretado.
- Utilizar o esforzo muscular e a respiración axeitados ás esixencias da execución instrumental.
- Mostrar autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- Mostrar interese polo contexto histórico e musical de cada unha das obras estudadas.
- Aplicar adecuadamente os coñecementos técnicos adquiridos na clase de instrumento a outras disciplinas.
- Relacionar os aspectos interpretativos da clase individual coa práctica camerística e de conxunto.
- Participar en alomenos dúas das audicións programadas, presentando un programa adecuado ao seu nivel, e participar ou colaborar nas diferentes actividades que se programen ao longo do curso.
- Demostrar capacidade e actitudes comunicativa e artística.
- Comentar obxetivamente aspectos relacionados coa propia interpretación e a dos compañeiros.
- Presentar ao inicio do curso unha obra preparada e escollida polo alumno, xustificando a súa elección.

## **AVALIACIÓN**

### **PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

O procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxetivos, ademáis de audicións ou probas que periódicamente se poidan realizar. Ou dito doutro xeito, o principal instrumento de avaliación é a observación directa e continuada do alumno/a por parte do profesor, sin que isto signifique que non se poida dotar ao proceso de avaliación de outros instrumentos coma os anteriormente citados, no caso de considerarse necesarios.

Para tal fin o profesor levará un rexistro da evolución de cada alumno/a, indicando aspectos tales como as obras, estudos e escalas traballadas e/ou superados, dificultades atopadas e outras consideracións salentables, tales coma faltas de asistencia, actitude ante a materia, etc.

Teráse en conta tamén a calidade do traballo co/a pianista acompañante e o interese e esforzo amosado neste senso.

Considerarase a asistencia con regularidade a clase como directamente vencellada coa actitude mostrada ante a materia. De feito, as faltas de asistencia reiteradas ao longo do curso ás sesións de clase da materia de Saxofón poderán provocar a perda do dereito a avaliación continua do/a alumno/a nesta materia, segundo se indica na normativa aplicable para este centro. Neste caso artellarase un sistema extraordinario de avaliación que determine se o alumno/a ten superados os obxetivos mínimos esixidos para cada curso en particular.

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Dar un valor numérico a cada un dos aspectos avaliados nas ensinanzas artísticas non é fácilmente aplicable, dada a súa interrelación. Por tanto, os criterios de avaliación están indicados por bloques de coñecemento coa seguinte distribución:

- Coñecemento dos conceptos e dominio e práctica das pautas e procedementos abordados no curso: 20% da nota final
- Dominio técnico do instrumento según o indicado en cada curso (picado, corrección técnica, velocidade, articulación, dixitación, respiración, etc.): 20% da nota final.
- Calidade sonora según o indicado en cada curso (timbre, afinación, flexibilidade, rexistro, matices, fraseo, etc.): 20% da nota final.
- Repertorio traballado e dominado con respecto ao indicado en cada curso (escalas, estudos e obras): 20% da nota final.

-Actitude fronte á materia (grao de esforzo para alcanzar os obxectivos, actitude na clase, nivel e calidade do estudo na casa, asistencia e puntualidade se fose o caso, etc.): 20% da nota final.

## **MEDIDAS DE RECUPERACIÓN**

### **PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS**

Para os alumnos que suspendan algunha das avaliacións do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora.

Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxetivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxetivos e contidos están interrelacionados entre si, e o traballo específico sobre calquera deles, tamén inflúe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno/a supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación, ou avaliacións que tivera pendentes, considerarase superada a avaliación correspondente.

### **PERDA DA AVALIACIÓN CONTINUA**

Como xa se indicou anteriormente, as faltas de asistencia reiteradas ao longo do curso ás sesións de clase poderán provocar a perda do dereito a avaliación continua do/a alumno/a nesta materia. Nese caso artellarase un sistema de avaliación que determinará se o alumno/a ten superados os obxetivos mínimos esixidos no curso, e que terá lugar ao final do mesmo (última quincena de maio ou primeira de xuño). Con carácter xeral consistirá nunha única proba co instrumento e que constará de tres partes:

-1º Parte - TÉCNICA: na que se avaliará o grao de cumprimento dos contidos mínimos esixibles que fan referencia ás escalas e arpexios.

-2º Parte - EXERCICIOS: na que se avaliará o grao de cumprimento dos contidos mínimos esixibles que fan referencia aos exercicios de cada un dos libros indicados.

-3º Parte - OBRAS: na que se avaliará o grao de cumprimento dos contidos mínimos esixibles que fan referencia ás obras e repertorio indicado para ese curso en cada unha das avaliacións.

A cualificación final da proba, e por tanto do curso, non será a media de cada unha das partes de dita proba, senón que terá carácter xeral á mesma e será a resultante da aplicación dos criterios de cualificación indicados nesta programación, e referenciados aos contidos mínimos esixibles no curso a avaliar.

### **PROBAS DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO**

Aqueles alumnos que non superaran a materia no mes de xuño disporán dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar durante a primeira semana do mes de setembro. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

Con carácter xeral consistirá nunha única proba co instrumento, e constará de tres partes:

-1º Parte - TÉCNICA: na que se avaliará o grao de cumprimento dos contidos mínimos esixibles que fan referencia ás escalas e arpejos.

-2º Parte - EXERCICIOS: na que se avaliará o grao de cumprimento dos contidos mínimos esixibles que fan referencia aos exercicios de cada un dos libros indicados.

-3º Parte – OBRAS: na que se avaliará o grao de cumprimento dos contidos mínimos esixibles que fan referencia ás obras e repertorio indicado para ese curso en cada unha das avaliacións.

A cualificación final da proba, non será a media de cada unha das partes de dita proba, senón que terá carácter xeral á mesma e será a resultante da aplicación dos criterios de cualificación indicados nesta programación, e referenciados aos contidos mínimos esixibles no curso a avaliar

### **METODOLOXÍA**

De forma xeral, aínda que emplearanse distintos estilos metodolóxicos, primarán os máis productivos, como son a resolución de problemas por parte do alumno/a ou o descubrimento guiado, nos que se busca unha maior implicación do alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Os estilos máis directivos, coma a asignación de tarefas, tamén serán empregados en función da área tratada, a natureza dos contidos, a dificultade dos mesmos e o grao de consecución dos obxectivos relacionados.

Dado que esta materia impartirase semanalmente cunha duración dunha hora, farase vital un correcto aproveitamento temporal de cada unha das sesións. É por iso que intentarase inculcar certa puntualidade no alumnado, tendo en conta que nas ensinanzas musicais poden necesitar de certo tempo entre clase e clase para limpar e recoller o instrumento, ou mesmo para transportalo de unha aula a outra.

Procurarase, se fose necesario, que cada alumno/a tomase conciencia da importancia das tarefas recomendadas para a súa realización na casa, xa que faise imprescindible para a súa correcta evolución dentro das ensinanzas musicais.

Do mesmo xeito, débese ter en conta que a vocación do alumno/a pode, é de feito na maioría dos casos así é, non estar totalmente definida de cara aos estudos superiores de música. En calquer caso, procurarase en todo momento a motivación do alumnado, que deberá resultar nun maior rendemento do mesmo, e pode que reforce ao mesmo tempo a súa incipiente vocación.

## **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Non tódolos alumnos presentan as mesmas características personais (aptitudes, motivacións, coñecementos iniciais, ritmos de aprendizaxe, etc.) e é por isto que debemos adaptar a Programación Didáctica e dar unha resposta específica e personalizada a cada un deles.

Existen, ademáis, alumnos con necesidades educativas específicas: alumnos con dificultades de aprendizaxe, dificultades de adaptación social, con desordes de personalidade ou psicosocial, con deficiencias físicas ou con déficit ou superdotación intelectual. Para estes casos recurrirase, na medida do posible, a unha adaptación curricular personalizada. Este aspecto non plantexa un grande problema no traballo da aula dada a natureza individual das clases. Valerémonos pois de diferentes estratexias, entre as que cabe salientar as seguintes:

- Variación da metodoloxía.
- Adaptación do material didáctico.
- Proposta de actividades diferentes e cunha dificultade acorde a cada alumno/a.
- Maior flexibilidade en canto ao ritmo de traballo.

## **EDUCACIÓN EN VALORES.**

O tratamento de contidos transversais é imprescindible para a formación integral dos alumnos/as. Representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade. Son contidos de ensinanza esencialmente actitudinais que responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá de actualidade no ámbito social e que pola súa trascendencia demandan un tratamento educativo.

A educación musical, debido ao seu carácter aberto e participativo, é unha área privilexiada para a incorporación dos temas transversais. En concreto na materia de Saxofón faremos especial fincapé, entre outros, nos seguintes:

- Educación para a igualdade de oportunidades entre ámbolos sexos.
- Educación para a saúde.
- Educación para o ocio.
- Educación ambiental.
- Educación para a paz.
- Educación do consumidor.

Ademáis, ao longo do curso o Centro organiza periódicamente actividades nas que todos estes aspectos están moi presentes, falamos de actuacións, intercambios con outros conservatorios, conferencias, cursiños, e principalmente, de concertos solidarios a favor de diferentes institucións comprometidas coa nosa sociedade.

## **TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN. (TIC's)**

Nesta materia, dado o carácter principalmente auditivo, e en algún caso visual, de moitos dos contidos plantexados, o uso das TIC's pode complementar, e mesmo facilitar en boa medida o proceso de ensinanza - aprendizaxe.

Recurrirase a material audiovisuais, tanto videos como audios, para complementar a modo de exemplos prácticos o tratado en cada unha das sesións de clase. Así mesmo, se se estima convinte, achegaráselle ao alumno material en formato electrónico (textos, gráficos, etc.) que poida axudar á comprensión de calquera dos contidos ou poida complementalos.



Non se permitirá a grabación en vídeo e/ou audio ou a toma de fotografías nas sesións de clase se non é co permiso explícito do profesor e dos alumnos/as implicados, e sempre e cando sexa por motivos estritamente pedagóxicos.

## **PROMOCIÓN E ACCESOS**

### **CRITERIOS PARA CONCEDER A AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA**

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o/a alumno/a teña superado todos os obxetivos sinalados para o curso que esta a realizar. Ademais deberá demostrar un grao de madurez e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

### **ACCESO A 2º, 3º OU 4º CURSO DE GRAO ELEMENTAL**

A proba consistirá na interpretación de dúas obras de libre elección e dun exercicio de lectura a primeira vista. Como orientación para a elección de ditas obras convén ter presentadas as indicadas nesta programación para o curso inmediatamente anterior ao cal se pretende acceder, salvo no caso de 2º de Grao Elemental no que as obras serán de elección libre polo alumno/a ou incluso poderán substituírse por exercicios, sempre de dificultade acorde ao curso ao que pretende acceder. Será obrigatorio o acompañamento de piano nas obras que así o requirán, para o que os/as aspirantes deberán aportar o seu pianista acompañante.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA.**

- Nivel de dificultade das obras presentadas.
- Dominio técnico das obras interpretadas.
- Corrección en canto á medida, fraseo, articulación e afinación.
- Control da técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.
- Adopción dunha posición corporal óptima ao tocar o saxofón.

-Solvencia no exercicio de lectura a primeira vista respecto do dominio dos matices, agónica, tempo, articulacións, así coma das dificultades técnicas que persente o fragmento a interpretar.

Obviamente, o grao de esixencia en canto á consecución dos criterios de avaliación indicados anteriormente adaptárase ao curso ao que o alumno/a pretende acceder.

## ACCESO A 1º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

A proba instrumental de saxofón, consistirá na interpretación de tres obras de libre elección, que poderán ser escollidas entre as programadas no cuarto curso de Grao Elemental, ou ser outras dunha dificultade similar, pero en todo caso deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Unha das tres obras deberá ser interpretada de memoria.
- Unha das tres obras terá que ser de música de cámara, podendo ser a formación solista con piano, é dicir, non se deberán presentar tres obras para saxofón solo sen acompañamento.
- Será obrigatorio o acompañamento de piano nas obras que así o requiran, para o que os/as aspirantes deberán dispor do seu pianista acompañante.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA

- Nivel de dificultade das obras presentadas.
- Dominio técnico das obras interpretadas.
- Corrección en canto á medida, fraseo, articulación e afinación.
- Control da técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.
- Adopción dunha posición corporal óptima ao tocar o saxofón.

*A Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música sinala no seu Artigo 9º : os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade e do xustificante de matrícula, así como das partituras orixinais para a súa interpretación perante o tribunal. No caso de que a proba de acceso requira da participación dalgún tipo de acompañamento musical, ben sexa pianístico ou para música de cámara, este correrá a cargo do aspirante á praza.*

O Conservatorio Profesional de Música de Culleredo no presente curso escolar proporcionará a todos os aspirantes que así o soliciten, un pianista acompañante para a súa proba de acceso ó 1º curso de grao profesional. Para poder desfrutar deste servizo, o aspirante deberá acollerse ó repertorio sinalado na programación como " Repertorio acompañado polo pianista acompañante do centro".

Os aspirantes deberán indicar no momento de formalizar a matrícula a solicitude de ser acompañados, así como indicar o repertorio que se interpretará e entregar unha copia de cada unha das obras coa parte do acompañamento pianístico.

Os aspirantes terán dereito a dous ensaios co seu pianista. A coordinación dos horarios de ensaio será levada a cabo polo pianista acompañante có aspirante. A duración máxima deste ensaio será de vinte minutos.

Repertorio acompañado polo pianista acompañante do centro:

- Pastorale (Piezas célebres), de G. F. Haendel.
- Dance, de D. Milhaud.
- Humoreque, de H. Loché.

-Sonatina, de W. A. Mozart.

-Chanson et Passepied Op. 16, de J. Rueff.

-Aria, de E. Bozza.

### **ACCESO AO 2º, 3º, 4º, 5º OU 6º CURSO DE GRAO PROFESIONAL**

A proba instrumental de saxofón, consistirá na interpretación de tres obras de libre elección, que poderán ser escollidas entre as programadas no curso anterior ao que se pretende acceder, ou ser outras dunha dificultade similar, pero en todo caso deberán cumprir os seguintes requisitos:

-Unha das tres obras deberá ser interpretada de memoria.

-Unha das tres obras terá que ser de música de cámara, podendo ser a formación solista con piano, é decir, non se deberán presentar tres obras para saxofón solo sen acompañamento.

-Será obrigatorio o acompañamento de piano nas obras que así o requiran, para o que os/as aspirantes deberán dispor do seu pianista acompañante.

Ademáis do anterior, poderase solicitar ao aspirante que toque de memoria unha escala por graos conxuntos e por terceiras, cos seus arpejos correspondentes (tónica e sétima de dominante), en todo o rexistro do instrumento, en calquera tonalidade maior ou menor, a unha velocidade acorde ao curso ao que pretende acceder, escollida polo tribunal e/ou dun exercicio de lectura a primeira vista.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA

- Nivel de dificultade das obras presentadas.
- Dominio técnico, expresivo e estilístico das obras interpretadas.
- Corrección en canto á medida, fraseo, articulación e afinación.
- Control da técnica respiratoria, embocadura, emisión, afinación e calidade sonora.
- Adopción dunha posición corporal óptima ao tocar o saxofón.
- Coñecemento e dominio técnico das escalas e arpexos.
- Solvencia no exercicio de lectura a primeira vista respecto do dominio dos matices, agónica, tempo, articulacións, así coma das dificultades técnicas que presente o fragmento a interpretar.

Obviamente, o grao de esixencia en canto á consecución dos criterios de avaliación indicados anteriormente, adaptárase ao curso ao que o alumno/a pretende acceder.

## **ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSIANZAS**

Fomentárase a asistencia dos alumnos/as a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, etc. que xurdan tanto dentro coma fóra do centro, sobre todo das relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia.

Así mesmo intentarase, na medida do posible, participar nas actividades organizadas polo Departamento de Vento – Madeira, no que se adscribe a especialidade de Saxofón, ou mesmo polo centro, que poidan ser de proveito para o alumnado, ou de promoción da materia ou das diferentes especialidades ofertadas no centro, a través de concertos públicos, audicións, etc.

Sen perxuízo do anterior, realízanse de modo coordinado e periódicamente audicións de Saxofón no Conservatorio Profesional de Música de Culleredo abertas ao público, e que dado o seu bo resultado, tanto dende o punto de vista pedagóxico, como de promoción das ensinanzas, continuará a organizar.

## **CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE SEGUIMIENTO DA PROGRAMACIÓN**

Esta programación didáctica será obxeto dun seguemento continuado, tanto por parte do profesorado que a imparte, tendo en conta posibles consideracións que o alumnado e os seus titores poidan facer ao respecto, coma por parte do departamento didáctico ao que se adscribe, en cada unha das súas sesións de reunión.

Poderase realizar ao longo do curso, no caso de considerarse oportuno, algunha enquisa de carácter informativo e anónimo entre os alumnos/as, e os pais e nais no caso de ser menores de idade, sobre aspectos básicos da materia, o desenvolvemento da mesma e posibles suxestións de cara a vindeiros anos.

En función dos resultados xerais obtidos, dará lugar a súa posible modificación nos aspectos que se estimen oportunos.

Departamento de **Vento – Madeira**

Profesor de **Saxofón – Alberto García Noguero**



